

Informe de accións de coordinación do Máster universitario en avogacía

CURSO 2019-2020

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

Informe de accións de coordinación do Máster universitario en avogacía

CURSO 2019/2020

Validado pola Comisión de Calidade o día 17 de decembro de 2020. Aprobado pola Xunta de Facultade o día 18 de decembro de 2020. Aprobado pola Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía o día 18 de decembro de 2020.

Índice

1. Información xeral.....	2
2. Coordinación.....	2
3. Xustificación e descrición do informe	2
4. Accións de coordinación	3
4.1. Reunións e actuacións de coordinación.....	3
4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas	8
4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	11
5. Conclusións	16

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

1. Información xeral

Denominación do título	Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito (Campus de Ourense) e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (campus de Vigo e Pontevedra)
Curso de implantación	2013/2014 (non implantado en 2012/2013 na Facultade de Dereito por decisión da CAM do 10 de outubro de 2012)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Máster universitario en avogacía	Coordinación académica e profesional e comisión académica do Máster universitario en Avogacía da Facultade de Dereito, complementados pola comisión de coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo
--	---

3. Xustificación e descrición do informe

O Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense do 15 de xuño de 2020 establece as funcións de:

- O coordinador/a académico
 - Supervisar a elaboración das guías docentes de cada un dos módulos formativos, realizadas palas persoas responsables das materias e revisadas polas coordinadoras dos módulos, así como do correcto cumprimento ao longo do curso académico.
 - Aprobar un informe anual en que se detalle cantas incidencias tiveron lugar durante a impartición do programa formativo.
 - Elevar á Comisión Académica cantas propostas considere oportunas para mellorar o funcionamento do plan formativo.

- O coordinador/a profesional
 - Elaborar a proposta do plan de prácticas e o seu cronograma para sometelos á aprobación da Comisión Académica.
 - Proponerlle á Comisión Académica a designación das persoas titoras de prácticas.
 - Aprobar un informe anual en que se detallan todas as incidencias que tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas.

- A comisión académica do máster

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Aprobar os horarios de docencia, as probas de avaliación e a asignación das aulas de xeito coordinado cos centros de adscrición.
- Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (cumprimento de horarios de clases e titorías), velar pola dispoñibilidade dos espazos (aulas, equipos de videoconferencia, etc.).
- Seleccionar o estudantado admitido no programa.
- Emitir un informe para recoñecer as competencias e a equivalencia de títulos estranxeiros de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).
- Formular as demandas de recursos humanos e materiais, debidamente xustificadas.
- Seleccionar o alumnado para bolsas ou estadias de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais e do EEES baixo os principios de igualdade e concorrencia competitiva.
- Elaborar e aprobar anualmente as guías docentes da titulación e remitirlas ao centro para aprobalas na Xunta de Centro segundo a normativa establecida.
- Elaborar e aprobar anualmente a planificación docente anual (PDA).
- Aprobar anualmente o cadro de profesorado da titulación, así como a asignación do citado cadro ás materias do plan de estudos e remitirillo á Comisión de Estudos de Posgrao para aprobalo.
- Elaborar e aprobar anualmente a asignación de horas do profesorado de acordo co establecido no correspondente contrato-programa.
- Aprobar anualmente o cadro de persoas titoras de prácticas de acordo co seu cronograma.
- Elaborar e aprobar o orzamento anual da partida económica asignada á titulación e aprobar, ao peche do ano económico, a correspondente memoria económica da execución dos gastos realizados.

Dada a peculiaridade do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo, título único impartido nos tres campus e adscrito a dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo– e a tres colexios profesionais –os de Ourense, Pontevedra e Vigo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as, os coordinadores/as académicos do máster, un ou unha representante de cada colexio profesional e os secretarios/as das comisións académicas, co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre centros aos efectos de implantación do sistema de garantía interna de calidade dos centros.

4. Accións de coordinación

Durante o curso académico 2019/2020 realizáronse diversas actuacións de coordinación docente coa finalidade de mellorar o funcionamento do Máster Universitario en Avogacía, analizándose as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación das materias e na realización das prácticas externas.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Máster universitario en avogacía cos/coas representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os–

Durante o curso académico 2019/2020 realizáronse actuacións e reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

- 29 de outubro de 2019: Procedeuse a votación para a elección das/os delegadas/os de curso. A elección é importante a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Máster, as que son invitados con voz pero sen voto. Achégase aviso sobre a votación anexo núm. I¹.
- 24 de outubro de 2019: A coordinadora académica contactou cos estudantes que exerceron como delegados durante o curso académico 2018/2019 para preguntar se seguirían exercendo como delegados. Achégase correo electrónico como anexo núm. II.
- 16 de decembro de 2019: A coordinadora académica e o Secretario da Comisión Académica reuníronse cos delegados do primeiro curso para poder intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do Máster durante o primeiro cuatrimestre. Achégase correo electrónico como anexo núm. III.
- 28 de xaneiro de 2020: A coordinadora académica e o Secretario da Comisión Académica, a petición dos delegados do primeiro curso, reuníronse cos delegados para analizar a evolución das incidencias docentes comunicadas na reunión de decembro. Achégase correo electrónico como anexo núm. IV.
- 10 de abril de 2020: A coordinadora académica e o Secretario da Comisión Académica reuníronse vía Skype cos delegados de curso para poder intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do máster durante o segundo cuatrimestre, especialmente tras a suspensión da actividade docente presencial pola situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia provocada polo brote COVID-19. Achégase a acta desta reunión como anexo núm. V.
- Durante o curso académico 2019/2020, as/os delegadas/os de primeiro e segundo curso do Máster Universitario en Avogacía foron convidados á reunión da Comisión, con voz e sen voto, de forma habitual, e sen prexuízo de poder puntualmente excluílos dalgún punto concreto cando se traten cuestións especialmente sensibles ou delicadas nas que non se considere adecuada a súa presenza na reunión.

2. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Máster universitario en avogacía cos coordinadores das materias impartidas durante o período formativo:

- 18 de decembro de 2019: A coordinadora académica reuniuse cos coordinadores das materias impartidas durante o primeiro cuatrimestre do período formativo para analizar as posibles incidencias ou dificultades de coordinación no desenvolvemento da docencia no período formativo do máster. Achégase a acta desta reunión como anexo núm. VI.

¹ Todos os anexos deste informe poderanse consultar na Secretaría do Decanato.

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Tras a suspensión da actividade docente presencial pola situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia provocada polo brote COVID-19, a coordinadora mantivo reunións telefónicas e reunións vía skype cos coordinadores das materias do segundo cuadrimestre para poder intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do máster.

3. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador cos titores/as do plan de acción tutorial

- A coordinadora da titulación enviou o día 28 de novembro de 2019 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 16 de decembro de 2019. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. VII.
- A coordinadora da titulación enviou o día 18 de febreiro de 2020 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, á reunión de seguimento a celebrar antes do 18 de marzo de 2020. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. VIII.
- A coordinadora da titulación enviou o día 4/6/2020 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lles solicitaba que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. IX.
- A coordinadora da titulación enviou o día 4/6/2020 un correo electrónico a todos os estudantes do PAT, onde se lles solicitaba que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado»). Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. X.

4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a profesional ou o coordinador/a das prácticas externas básicas e das prácticas externas e os titores/as académicos cos titores/as externos ou co alumnado implicado

Durante o curso académico 2019-20 realizáronse, a iniciativa do coordinador profesional do Máster universitario en avogacía e da coordinadora académica das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e dos titores/as académicos, diversas actuacións conxuntas de coordinación cos titores/as externos e co alumnado implicado -algunhas no primeiro cuadrimestre respecto da materia Prácticas externas e outras no segundo cuadrimestre en relación coa materia Prácticas externas básicas, afectada pola situación de crise sanitaria derivada da COVID-19-. As actuacións máis destacables desenvolvéronse nas seguintes datas:

PRÁCTICAS EXTERNAS:

- Xuño-xullo 2019: elaboración e aprobación da guía docente da materia Prácticas externas e do plan de prácticas para o curso académico 2019-2020, coa listaxe de titores e o cronograma e aprobación e

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

publicación na páxina web do mestrado da asignación provisional e definitiva de despachos e de títulos académicos para o curso 2019/2020 da materia Prácticas externas http://masteravogacia.webs.uvigo.es/docs/docencia/listado_provisional_adjudicacion_despachos_pe_2019-20.pdf e http://masteravogacia.webs.uvigo.es/docs/docencia/LD_adjudicacion_despachos_pe_2019-20.pdf.

- Setembro de 2019: reunión á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas por iniciativa da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebrada no Salón de Graos da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e correspondentes á materia Prácticas externas e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas.
- Decembro de 2019: elaboración pola coordinadora académica da materia Prácticas externas dun escrito dirixido aos títulos externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Mestrado universitario en Avogacía e lembrarles a súa obriga de remitir ao tutor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos xuntáronse ao escrito o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido. Remisión do escrito por correo electrónico.
- Decembro de 2019: remisión pola coordinadora académica da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrarles a súa obriga de remitir ao tutor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. A tales efectos achegouse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher. Xúntase a copia do correo remitido .
- Xaneiro de 2020: elaboración polos títulos académicos da materia Prácticas externas y remisión aos coordinadores académico e profesional do mestrado dun Informe de incidencias co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido polos títulos, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do mestrado lles corresponde elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos títulos académicos, co fin de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do mestrado, se é o caso, as accións de mellora que se considere oportunas. Tamén incorpora algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios títulos. Achégase copia do informe remitido á coordinación.

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

PRÁCTICAS EXTERNAS BÁSICAS:

- Xuño-xullo 2019: elaboración e aprobación da guía docente da materia Prácticas externas básicas.
- Setembro de 2019: presentación dos coordinadores profesional e académico e dos titores de prácticas ao alumnado de primeiro curso do Máster universitario en avogacía e presentación das materias de prácticas externas na Xornada de acollida.
- Febreiro-marzo: elaboración e aprobación do plan de prácticas para o curso académico 2019-2020, coa listaxe de titores e o cronograma e aprobación e publicación na páxina web do mestrao da asignación provisional e definitiva de despachos e de titores académicos para o curso 2019/2020 para a materia Prácticas externas básicas
http://masteravogacia.webs.uvigo.es/images/docs/docencia/practicasypeb/LP_adjudicacion_PEB_2019-20.pdf
http://masteravogacia.webs.uvigo.es/images/docs/docencia/practicasypeb/LD_adjudicacion_PEB_2019-20.pdf.
- O desenvolvemento das prácticas inicialmente programado para os días 4 ao 27 de maio suspendiuse con ocasión do Decreto de Alarma e a Resolución reitoral de 01.04.20.
- Maio: A medio de correo electrónico o coordinador profesional convocou aos titores profesionais de prácticas do Máster a unha reunión virtual a través do Campus remoto UVigo, para o día 7 de maio ás 13,00 horas. A reunión tivo lugar no día e hora sinalados, participando a maioría dos despachos, así como os coordinadores profesional y académico da materia. Na mesma indicóuselles que en días posteriores manteríamos igualmente unha reunión virtual cos alumnos para coñecer tamén a súa opinión. O resumo da devandita reunión pode concretarse no seguinte:
 - Algúns despachos manifestaron a súa disposición para acoller a alumnos presencialmente de forma inmediata, mentras outros, pola contra, indicaron a imposibilidade de iniciar as prácticas presenciais neste momento, aínda que mostraron a súa dispoñibilidade para facelo de forma telemática e os restantes indicaron que dependería de cando se poida comezar a actividade xudicial. Algún despacho propuxo unir as prácticas básicas ao período de prácticas longas e se lle explicou nese momento a dificultade por canto que o calendario do primeiro cuadrimestre del curso seguinte comprimiríase notablemente e redundaría en menor tempo para a preparación do exame estatal
 - Acordouse por asentimento atrasar un tempo prudencial o comezo das prácticas para ver como se desenvolvían os acontecementos.
- Os alumnos foron tamén convocados para reunión virtual que se celebrou o luns, día 11 de maio, ás 13,00 horas. O parecer unánime dos alumnos foi o seu desexo de realizar as prácticas de forma presencial e comezar estas tan pronto fose posible para evitar futuros eventuais confinamentos.
- Consultada a directora da Área de Emprego da Uvigo sobre a posibilidade de materializar a incorporación presencial aos despachos, a súa resposta foi a seguinte:

"En relación a vuestra consulta, indicaros que efectivamente, esta semana se ha abierto un debate sobre la posibilidad de continuidad de las prácticas académicas de modo presencial. Sin embargo, si

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

bien la postura de la CRUE está encima de la mesa, todavía no hay un acuerdo formal que de manera específica ratifique o impida su realización.

Tal y como indicáis, previo a que se abriese este debate, desde la UVigo apoyamos la realización de prácticas en la modalidad presencial siempre que la empresa garantizase que se pudieran cumplir con las condiciones sanitarias indicadas por las autoridades y que las prácticas contasen tanto con el visto bueno de las personas que tutoricen las prácticas, tanto en la Universidad como en la empresa, como del propio estudiante.

Dicho esto, y a la espera de respuesta por parte del gobierno, las opciones que se presentan serían las siguientes:

- Que procedan a incorporación del alumno/a bajo la modalidad en remoto (con posibilidad de cambio a presencial cuando confirmen su adecuación). Opción preferente.
 - Que mantengan la suspensión a la espera de que el alumnado afectado pueda recuperar las prácticas en este periodo.
 - Que confirmen que las empresas pueden cumplir con las condiciones sanitarias impuestas por el gobierno y que el alumnado proceda a la realización de las prácticas presenciales (con posibilidad de suspensión o de cambio a modalidad en remoto en caso e que surja una nueva normativa que lo obligue). En este caso deberían de cubrir el formulario adjunto".
- Mediante correo de 18.05.20 o coordinador profesional dirixiuse aos despachos colaboradores facéndolles un breve resumo do resultado das reunións virtuais e solicitando expresamente que indicasen quen estaría en condicións de poder iniciar xa as prácticas de modo presencial. A maioría dos despachos mostraron a súa disposición para comezar xa de forma inmediata as prácticas, adoptándose as medidas de seguridade pertinentes, algúns deles indicaron que poderían comezar, previsiblemente, a principios de xuño, e só un indicou que non era posible a realización de forma presencial, por impedilo a Institución, con todo, mostrábase disposto a coordinar coa alumna a forma de levalas a cabo e autor
 - O 21 de maio os alumnos asistiron a unha nova reunión virtual, na que recibiron con gran satisfacción a posibilidade que se lles brindaba de comezar as prácticas de forma presencial e inmediata na maioría dos despachos e o resto, atrasalo posiblemente só unha semana. Informóselles que se puxesen en contacto telefónico cos despachos para coordinar o inicio e desenvolvemento das prácticas e que debían ir provistos de máscara e aqueles equipos de seguridade que se lles indicase por cada despacho. Tamén se lles lembrou que, de acordo co Regulamento, para que a práctica quedase axeitadamente formalizada, o titor profesional, o titor académico e o estudante, debían subscribir a formalización da práctica (anexo II do regulamento) e que o documento debía estar depositado a disposición do coordinador de prácticas antes do comezo das prácticas-
 - Xuño de 2020: reunión virtual de seguimento conxunto das prácticas á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas básicas por iniciativa dos coordinadores académico e profesional da materia e dos titores académicos da materia de 1º curso, celebrada o 11 de xuño ás 13:00 horas na Sala de Videoconferencias da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

de realizar o dito seguimento das prácticas desenvolvidas ata ese momento e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas-.

- Xuño de 2019: elaboración polo coordinador académico da materia Prácticas externas básicas dun escrito dirixido aos titores externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Mestrado universitario en Avogacía e lembrar-lles a súa obriga de remitir ao titor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos xuntáronse ao escrito o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido. Remisión do escrito por correo electrónico .
- Xuño de 2020: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas básicas dun anuncio a través de faitic dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrar-lles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. O correo remitiuse a través da plataforma virtual faitic.
- Setembro de 2020: elaboración polos titores académicos da materia Prácticas externas básicas e remisión aos coordinadores académico e profesional do máster dun Informe de incidencias co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido polos titores, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do máster lles corresponde elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas básicas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, co fin de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do máster, se é o caso, as accións de mellora que se considere oportunas. Tamén incorpora algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores.

5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a do traballo de fin de máster co alumnado ou cos titores/as implicados

Durante o curso académico 2019/2020 realizáronse un total de 4 reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

- 19/9/2019: reunión do coordinador do Traballo Fin de Máster e a coordinadora académica do Máster cos estudantes ao fin de explicar-lles o contido y estrutura do mesmo.
- 8/1/2019: reunión do coordinador do Traballo Fin de Máster e os membros do Tribunal cos estudantes coa finalidade de resolver dudas e cuestións de interese que lles podan xurdir en relación coa dinámica e avaliación do TFM.

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- 21/1/2020: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria ordinaria. Achégase como anexo núm. XI a Acta de constitución do tribunal avaliador do TFM e os acordos.
- 9/3/2020: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria de marzo. Achégase como anexo núm. XII.
- 9/7/2020: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria de xullo. Achégase como anexo núm. XIII.
- 15/9/2020: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria de setembro. Achégase como anexo núm. XIV.

6. Reunións e actuacións de coordinación da comisión académica do Máster universitario en avogacía nas que se traten incidencias acontecidas durante a impartición do programa formativo ou durante a impartición do programa de prácticas

Durante o curso académico 2019/2020 analizáronse incidencias deste tipo, nas reunións da Comisión Académica do Máster nas datas sinaladas a continuación:

- 18/12/2019 análise e aprobación do informe anual da Sra. Coordinadora no que se detalle cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa formativo e do informe do Sr. Coordinador profesional no que se detalle cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa de prácticas. Os acordos da reunión da Comisión Académica do Máster poden consultarse en <http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/informacion/comision-academica/>.
- 18/12/2019: análise e aprobación do informe de accións de coordinación do Máster universitario en Avogacía do curso académico 2017/18. Os acordos da reunión da Comisión Académica do Máster poden consultarse en <http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/informacion/comision-academica/>.

7. Reunións de coordinación da Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Tralado de Vigo e da Facultade de Dereito.

A normativa sobre a composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Tralado de Vigo e da Facultade de Dereito establece no seu artigo 3 que “A Comisión de coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre Centros aos efectos do SGIC”.

Durante o curso académico 2019/2020 realizáronse dúas reunións:

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- A primeira reunión, do 9 de decembro de 2019, para analizar e intercambiar experiencias entre as distintas sedes que redunden na mellora da titulación e delegar nas coordinadoras académicas do Máster as competencias en relación co seguimento das accións de mellora de titulación do Máster Universitario en Avogacía do curso 2018/2019 e da proposta de acción de mellora para o curso 2019/2020.
- A segunda reunión, do 14 de maio de 2020, para modificar os convenios de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e os ICA de Ourense, Pontevedra e Vigo; para analizar e intercambiar experiencias entre as distintas sedes que redunden na mellora da titulación; para tomar posición en relación co calendario de matrícula no Mestrado universitario en avogacía no curso 2020-2021 e o comezo do curso académico e para tomar posición coa posibilidade de adiantar a convocatoria de fin de carreira ao mes de setembro ou de establecer un prazo de defensa do Traballo de fin de grao en Dereito en setembro.

8. Reunións e actuacións de coordinación dos/as responsables de coordinación das materias co profesorado que as imparte

- Ao longo de todo o curso académico as/os responsables de coordinación das materias mantiveron unha comunicación permanente co profesorado que as impartiu para trasladar a información, os resultados, as queixas e as suxestións achegadas tanto polo propio alumnado como polo equipo de coordinación do Máster, algún profesorado ou mesmo o coordinador/a do título. O obxectivo principal foi consensuar as distintas decisións para garantir unha axeitada planificación da materia e asegurar un desenvolvemento equilibrado e coordinado desta.
- 3/9/2019: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XV.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudiantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.
- 8/1/2020: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XVI.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudiantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

Describíranse outras accións que o centro realizará para mellorar a coordinación das ensinanzas de máster impartidas neste centro.

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito

A Comisión de Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación:

- 17/12/2019:
 - Validación dos informes finais de avaliación do PAT do curso 2018-2019 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en Avogacía.
 - Validación dos Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2018-2019.
 - Validación do Informe de docencia do curso académico 2018-2019.
 - Remisión á vindeira Comisión de calidade da análise e toma de decisións respecto das incidencias detectadas nas reunións de coordinación para o seguimento e o control da docencia do primeiro cuatrimestre do curso académico 2019-2020.
 - Validación da modificación do Procedemento para o seguimento e o control da docencia e delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para incorporar os cambios que procedan.
- 28/02/2020:
 - Elaboración dun informe e trasladalo ao Departamento de Dereito Privado e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado co obxecto de manifestar as incidencias detectadas en relación á docencia impartida pola área de Dereito Civil no Grao en Dereito e no Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, no marco das reunións de coordinación co alumnado, nas reunións celebradas a solicitude do alumnado, nos partes docentes e na reunión co profesorado implicado de dita área.
 - Remisión dun correo electrónico aos Departamentos con docencia no centro, reiterando que á hora de conceder os permisos ao profesorado se teña en conta se hai obrigas docentes (clases, exames, titorías, etc.).
- 30/04/2020:
 - Validación dos anexos ás guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso académico 2019-2020, delegando nas coordinadoras respectivas calquera corrección de erros ou cambio que se considere necesario.
 - Remisión dunha consulta ao Director da Área de Calidade respecto á incidencia que pode ter nos distintos programas de avaliación da actividade docente do profesorado que os

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

anexos ás guías docentes vaian con texto en galego e castelán e non exista unha versión única para cada idioma

- 14/07/2020
 - Validación do Informe de análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación do Grao en Dereito e do Programa Conxunto ADE-Dereito do curso 2018-2019.
 - Validación da modificación da meta asociada á duración media dos estudos no Mestrado universitario en avogacía e manter o resto das metas asociadas aos obxectivos de calidade.
 - Validación do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2018-2019 que inclúe as propostas de mellora para o curso 2019-2020 e o seguimento dos títulos adscritos ao Centro coas modificacións propostas.
 - Validación das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2020/2021 e delegación na coordinadora do Grao da corrección de erros ou modificacións que procedan.
 - Validación das guías docentes do Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2020/2021 e delegación na coordinadora académica da corrección de erros ou modificacións que procedan.
 - Validación da actualización do Anexo I: Plan de acción tutorial do procedemento de orientación ao estudantado (DO-0203 P1).
 - Validación do programa e data de celebración da Xornada de acollida do Grao en Dereito, do Curso 3.5 e da Xornada de acollida do Mestrado Universitario en Avogacía para o curso 2020-2021.
 - Avaliación, no mes de setembro, da viabilidade de impartición das sesións pendentes do Curso de Actualización Xurídica 2019-2020 e de organización dunha nova edición para o curso 2020-2021.
 - Avaliación, no mes de setembro, da viabilidade da organización dun foro de emprego xurídico.
 - Arquivo, como evidencia, polo cambio e repercusión na docencia da Covid-19, sen traslado ao Departamento de Dereito Privado e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, do informe sobre incidencias detectadas en relación á docencia impartida pola Área de Dereito Civil no Grao en Dereito e no Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, no primeiro cuatrimestre do curso 2019-2020.

4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2019/2020 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

TÍTULO	ORGANIZACIÓN	DATA
Xornada de Acollida Grao en Dereito “Introdución aos estudos de Dereito”	Coordinación: <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Marta Fernández Prieto 	9 de setembro 2019
Xornada de Acollida Mestrado universitario en Avogacía	Coordinación: <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Mª Dolores Fernández Fustes • Prof. Benjamín Mayo Martínez • Prof. Roberto O. Bustillo Bolado 	19 de setembro de 2019
Ciclo de conferencias: Pensar el derecho en el siglo XXI	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Pablo Bonorino 	Do 23 de setembro ao 12 de decembro de 2019
Xornada: Precariedade da traballadora ante os empregos dixitais atípicos	<ul style="list-style-type: none"> • Comité organizador: • Profª. Marta Fernández Prieto • Profª. Francisca Fernández Prol 	16 de outubro de 2019
Feminismo y Teoría del Derecho	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Pablo Bonorino 	Do 17 de outubro ao 15 de novembro de 2019
Xornada: O control do poder público en España (Lugar: Colexio da Avogacía de Ourense)	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Roberto O. Bustillo Bolado • Profª María Antonia Arias Martínez 	24 de outubro de 2019
Curso de Actualización Xurídica 2019/2020	Comité organizador: <ul style="list-style-type: none"> • Profª Marta Fernández Prieto • Profª Susana Álvarez González • Profª Francisca Fernández Prol 	Do 27 de setembro de 2019 ao 5 de xuño de 2020 (suspensión de actividades a partir do 13 de marzo de 2020, por mor do cese temporal das

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

		actividades académicas presenciais)
Curso: Violencia de xénero	Organización (en colaboración coa Facultade de Dereito de Ourense) Colexio da Avogacía de Ourense.	17, 23 e 30 de outubro; 6 e 20 de novembro 2019
Liga de debate da Universidade de Vigo 2019/2020	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Pablo Bonorino 	Del 28 de Outubro ao 8 de Novembro 2019
Conferencia “O Instituto de Medicina Legal de Galicia: organización e funcións”	Coordinadores académicos: <ul style="list-style-type: none"> • Profª Marta Fernández Prieto • Prof. Virxilio Rodríguez Vázquez 	14 de novembro de 2019
Xornada divulgativa REDEXMAR sobre Dereito ambiental e xestión de recursos hídricos e mariños	Coordinación: <ul style="list-style-type: none"> • Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado • Profª. Mª Belén Sánchez Ramos • Profª Laura Movilla Pateiro 	8 de novembro de 2019
Orienta Iuris “3ª Feira de Emprego Xurídico de Galicia e norte de Portugal”	Comité Organizador: <ul style="list-style-type: none"> • Profª Marta Fernández Prieto • Profª Susana Álvarez González • Profª Lourdes Borrajo Diz • Profª Francisca Fernández Prol 	19 de novembro de 2019
Conferencia “Institutionais In ius Vocatio e violazione del domicilio; riferimento speciale ai reati di riciclaggio di denaro”.	Comité Organizador: <ul style="list-style-type: none"> • Profª. Inés Iglesias Canle • Profª. María José Bravo Bosch 	28 de novembro de 2019

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

Seminario de discusión: Pensar o cine	Dirección académica: <ul style="list-style-type: none">Prof. Pablo Raúl Bonorino Ramírez	Do 18 de decembro 2019
Curso 3.5. Curso de orientación académica para estudiantado de 3º curso do Grao en Dereito e de 4º curso do PCEO	Coordinación: <ul style="list-style-type: none">Profª. Marta Fernández Prieto	28 de xaneiro de 2020
Seminario “Agresión y abusos sexuales: evolución histórica, algunas cuestiones controvertidas y propuestas de reforma”. (4º andar Facultade de Dereito)	Dirección: Profª. Inés C. Iglesias Canle	5 de febreiro de 2020
Curso: Iniciación a Moodle e realización de exames non presenciais. Modalidade virtual.	Comité Organizador: <ul style="list-style-type: none">Profª. Marta Fernández PrietoProfª. Lourdes Borrajo Diz	18, 20, 21 22 e 26 de maio e o día 1 de xuño de 2020.
OBRADOIRO: “A pesca en Europa: Desafíos e Perspectivas” Sesión On Line.	Coordinación: <ul style="list-style-type: none">Profª. Belén Fernández Docampo,	1 e 2 de xuño de 2020

4.2.3. Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.

Ao longo do curso 2019-20 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro entre as que cómpre destacar:

- Celebración da Xornada de Acolida-Introdución aos estudos de dereito: o día 9 de setembro de 2019 celebrouse o denominado “Curso Cero”, destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito e dando a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade.
Obxectivos:

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración do III Feira de emprego Xurídico ORIENTA IURIS: o día 19 de novembro de 2019 celebrouse a III edición da Feira de Emprego Xurídico, primeira Feira de emprego especializada no ámbito xurídico en Galicia e norte de Portugal. Concíbese como un punto de encontro no que estudantes, titulados e profesionais do mundo do Dereito poidan compartir experiencias, interrelacionarse e mellorar as posibilidades de acceso ao mercado laboral (<http://feriaempleojuridico.webs.uvigo.es/>).
 - Celebración do curso 3.5: o Curso de Orientación académica para estudantes de terceiro curso do Grao en Dereito e de cuarto curso do PCEO-ADE-Dereito, celebrouse o luns 28 de xaneiro de 2020 na aula Magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado, así como o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao (oferta de optativas); e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
 - Participación da Decana, o día 27 de febreiro de 2020, nunha sesión informativa celebrada no Colexio Santa María Maristas de Ourense.
 - Xornada de Portas Abertas Virtual: xornada de acceso aberto (até un máximo de 100 persoas por sala e franxa horaria na modalidade directo xunto ás conexións na modalidade streaming) celebrada o 14 de maio de 2020. Difusión a través das redes sociais e da web da UVigo, así como a través de correos electrónicos a centros de ensino secundario de Galicia para redifusión entre os equipos de orientación e o seu alumnado.
 - Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de “Actualidade” - <http://dereito.uvigo.es/es/> -.

4.2.3.1. Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que realiza estancias en Universidades estranxeiras.

- PDI: no curso 2019-2020, ningún docente participou en programas de mobilidade, ao quedar estes suspendidos por mor das limitacións á mobilidade impostas para a contención da pandemia.
- PAS: datos non dispoñibles.
- Alumnado: datos non dispoñibles

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

4.2.3.2. Promoción da titulación e divulgación das actividades levadas a cabo na Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso:

- Divulgación a través das redes sociais, especialmente facebook, twitter e instagram, de todas as actividades que se levan a cabo na Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso.

4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

4.3.1. Actuacións e incidencias mais relevantes

A continuación relataranse, por orden cronolóxico, as incidencias que se plantexaron durante o curso 2019/2020 no Máster da Avogacía, así como as accións de mellora que se levaron a cabo dende a Coordinación e a Comisión Académica do Máster.

1. O día 19 de xuño de 2019, seguindo o calendario aprobado pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade ese mesmo día, a coordinadora do Máster envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no máster. Nel comunicábaselle o calendario de elaboración das guías docentes, así como algunhas orientacións para ter en conta. Neste proceso de elaboración, os coordinadores/as de materia/módulo, unha vez editadas as guías docentes, remitíronllas á coordinadora do máster para revisalas. Achégase copia do correo electrónico como anexo XVII.

Concluído o proceso de elaboración, a coordinadora remitiulle as guías docentes a Comisión de Garantía Interna de Calidade, para a súa revisión.

O día 9 de xullo de 2019 foron aprobadas pola Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía. Unha vez finalizado o proceso de revisión, a coordinadora remitiulle as guías docentes ao decanato para aprobalas. Cómpre destacar a participación e o traballo do profesorado no proceso de realización das guías.

2. O día 3 de setembro de 2019, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, do primeiro e segundo cuadrimestre, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Achégase copia do correo electrónico como anexo XV.

3. O día 19 de setembro de 2019 celebrouse a Xornada de Acolida dos estudantes de primeiro curso do Máster Universitario en Avogacía cos obxectivos de:

- a. Facilitar ao estudante o tránsito dende o grao ao posgrao.
- b. Presentar ao estudante o Máster en Avogacía da Facultade de Dereito.
- c. Dar a coñecer ao estudante os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Achégase copia do programa da Xornada de Acolida do Máster como anexo XVIII.

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

4. Setembro de 2019, o coordinador profesional do Máster Universitario en Avogacía e a coordinadora da materia Prácticas Externas, por iniciativa da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebran unha reunión á que foron convocados os alumnos matriculados na materia, no Salón de Graos da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e correspondentes á materia Prácticas externas e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas.
5. 29 de outubro de 2019: A coordinadora académica reuniuse cos estudantes do Máster Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan a selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era informarlles da importancia de que nomeen aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Máster, as que son invitados con voz pero sen voto.
6. O Plan de Acción Tutorial (PAT) do Máster está integrado PAT da Facultade de Dereito. Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:
 - unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais
 - outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.
 - Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.
7. O día 28 de novembro de 2019, a coordinadora da titulación enviou un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 16 de decembro de 2019.
8. O día 8 de xaneiro de 2020, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Achégase copia do correo electrónico como anexo XVI.
9. O día 18 de febreiro de 2020, a coordinadora académica enviou un correo electrónico o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, para unha reunión de seguimento. Todos os titores enviaron á Coordinadora a copia do correo electrónico no que convocaban aos estudantes titorizados.

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

10. O día 4 de xuño de 2020, dende a coordinación do Máster, enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o profesorado implicado no PAT debe cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»), polo que se lles solicitaba que cumprimentasen dito anexo a través dun cuestionario online.
11. O día 4 de xuño de 2020, dende a coordinación do Máster, enviouse un correo electrónico aos estudantes titorizados do PAT solicitando que cumprimentasen o “anexo IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado” a través dun cuestionario online.

4.3.2. Informe anual da Coordinadora académica do Máster

Na súa reunión de 18 de decembro de 2020, a Comisión Académica do Máster aprobou o informe anual da Coordinadora no que se detallan cantas incidencias haxan ter lugar durante a impartición do programa formativo.

Achégase o informe como anexo XIX.

4.3.3. Informe anual do Coordinador Profesional do Máster.

Na súa reunión do día 18 de decembro de 2020, a Comisión Académica do Máster aprobou o informe anual do Coordinador Profesional do Máster, no que se detallan as incidencias que tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas.

Achégase o informe como anexo XX.

4.3.4. Informe anual da Coordinadora académicas e os titores académicos das materias de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso).

A Coordinadora académica e os titores académicos da materia de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e Prácticas externas (segundo curso) elaboraron dous informes co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido, de acordo co art. 13 do Regulamento de Prácticas externas, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

Tal e como se sinalan expresamente nos informes, estes teñen como obxectivo servir de complemento aos informes que os coordinadores do máster elaboran e recollen as incidencias que se suscitaron no desenvolvemento das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, a fin de

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

que se prevexan desde a Coordinación e a Comisión académica do máster, no seu caso, as accións de mellora que se consideren oportunas,, aínda que tamén se deixa constancia de que a maioría dos alumnos non manifestaron incidencia algunha.

Ase mesmo, se incorporan algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores para solventar os problemas que se atoparon durante os cuadrimestres nos que se desenvolveron as prácticas. Achéganse os informes como anexo XXI e XXII.

4.3.5. Informe do coordinador do Traballo Fin de Máster

O Coordinador do Traballo Fin de Máster (TFM) elaborou un informe sobre o desenvolvemento da materia e as propostas de mellora, que se incorporou o Informe da Coordinación Académica do Máster universitario en Avogacía do curso 2019/20. Dito informe figura como anexo XIX.

4.3.6. Informe da coordinadora sobre o plan de acción tutorial (PAT).

CONCEPTO: o Plan de acción tutorial (PAT) da Facultade de Dereito configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á tutoría universitaria para as titulacións do centro. Responde á implantación do «DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudiantado», que constitúe en si mesmo o rexistro R1-DO0203 P1 deste. Préstaselle unha especial atención ao estudiantado de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria, a mellorar o seu rendemento académico e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ao que está rematando os seus estudos, para facilitarlle a preparación para a actividade profesional ou o inicio á investigación. O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do/a estudante e baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción tutorial coherente coas necesidades do estudiantado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior. Trata de garantir a adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

O PAT aprobado pola Xunta de Facultade o 17 de outubro de 2014 prevé que o profesorado titor asesorará o seu alumnado de primeiro e segundo ao longo de todo o curso académico mediante a programación de polo menos dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudantes, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. Ambas as dúas reunións entre titor/a-alumno/a teñen carácter preceptivo para o titor/a, que debe convocar os titorizados/as, pero son de carácter voluntario para o alumnado, que pode asistir ou non. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado, a iniciativa do titor ou do propio alumnado, en calquera momento do curso. O estudiantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.

O alumnado e o profesorado implicado no PAT cumprirán as enquisas de avaliación do grao de satisfacción. Así mesmo, as titoras e titores informarán o coordinador/a da titulación das dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado.

1. O día 28 de novembro de 2019 enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 16 de decembro de 2019, para a presentación do titor e do PAT, a detección de necesidades especiais e interesarse polo desenvolvemento do curso, co fin de recadar información que permita a mellora da titulación.

Os titores mostráronse sorprendidos pola boa resposta por parte do alumnado, fronte ao que ocorrido durante o curso anterior. Os estudantes manifestaron una serie de incidencias en relación coa docencia e a avaliación que foron obxecto de análise na Comisión Académica do Máster.

2. O día 18 de febreiro de 2020 remitiuse un novo correo electrónico o profesorado titor, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha reunión de seguimento.

Os estudantes que asistiron as reunións, en termos xerais, manifestan que non consideran que haxa incidencia e a súa satisfacción co desenvolvemento do Máster.

3. Segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). Esta actuación non se levou a cabo.

O 4 de xuño de 2020, dende a coordinación do Máster, enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o profesorado implicado no PAT debe cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»), polo que se lles solicitaba que cumprimentasen dito anexo a través dun cuestionario online para garantir o anonimato. Tamén se solicita o profesorado que, se aínda non enviaran á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os envíen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.

O mesmo día, enviouse un correo electrónico aos estudantes titorizados do PAT solicitando que cumprimentasen o “anexo IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado” a través dun cuestionario online.

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

O 50% dos profesores tutores do PAT consideran que o grao de utilidade do PAT é moita e o outro 50% que é bastante. En relación cos estudantes, a pesar de que poucos cumprimentaron o anexo IV-A, os que o fixeron mostraron a súa satisfacción co desenvolvemento e utilidade do PAT.

4.3.7. Accións de mellora

- Facilitar que as enquisas de satisfacción tanto do alumnado (anexo IV-A: «Cuestionario final de satisfacción do alumnado») como do profesorado (anexo IV-B: «Cuestionario final de satisfacción do tutor/a») se cumprimenten a través dun formulario online para garantir o anonimato e facilitar a súa realización.
- Dende a coordinación do Máster e o Decanato analizar a posibilidade de adiantar a defensa dos TFG e programar o calendario de inicio da docencia do Máster para facilitar a matrícula dos estudantes que finalizan os seus estudos de Grao na convocatoria fin de carreira.
- Dende a coordinación do Máster e o Decanato, organizar un curso de Oratoria xurídica orientada ao exercicio da avogacía. Do medo ao pracer escénico, para complementar a formación dos estudantes do máster.
- Dende a coordinación do Máster planificar os horarios de xeito que a materia de Práctica Laboral non se concentre no final do período formativo.

5. Conclusións

A través das actas das reunións da comisión académica do máster, das reunións mantidas co alumnado, profesorado, tutores/as das prácticas externas e tutores/as dos traballos de fin de máster, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido no Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense. Ademais, proporcionánelles á Comisión de Garantía de Calidade e ao Decanato da Facultade de Dereito información relevante para implantar o sistema de garantía interno da calidade do centro no Máster universitario en avogacía, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Máster universitario en avogacía extraírense as seguintes conclusións en relación cos principais problemas detectados polo equipo coordinador do máster:

- Importancia do PAT como medio para coñecer de primeira man as suxerencias, queixas e felicitacións do estudiantado. Fomentar que os estudantes cumprimenten os anexos IV-A «Cuestionario final de

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

satisfacción do alumnado», para poder analizar a satisfacción dos estudantes co PAT, a través dun formulario online que garantice o anonimato.

- Evitar que a docencia da materia Práctica Laboral se concentre no final do período formativo.
- Necesidade de insistir na esixencia dunha valoración máis equitativa por parte dos titores profesionais.
- Incidir na posibilidade de que os estudantes realicen prácticas extracurriculares durante o curso académico no que están matriculados.

Data: 23/11/2020

Sinaturas:



Coordinadora do Máster
M^ª Dolores Fernández Fustes



Coordinadora de Prácticas externas
Marta Fernández Prieto



Coordinador do Traballo Fin de Máster
Roberto O. Bustillo Bolado